




EXPERIMENTANDO


Alumnado de terceiro





**QUE OCORRE AO BOTAR UNHA LARANXA SEN PELAR E UNHA
LARANXA PELADA DENTRO DUN RECIPIENTE CHEO DE AUGA?**






Aínda que a laranxa coa casca é máis pesada, flotará e subirá a auga. Mentres que a laranxa sen casca afundirase porque pesa moito máis que o volume de auga que despraza e a auga non é capaz de soportar o seu peso.

A casca liviá retén aire e as burbullas fan que teña menos densidade que a auga, así que frota. É o principio da flotabilidade.


A PEMENTA QUE FOXE






A auga ao ser líquida ten unha propiedade que se coñece como tensión superficial, a cal é unha especie de capa “invisible” que se xera cando moitas moléculas de auga están unidas fortemente; por isto a pementa flota sobre ela. Pero ao momento de introducir o teu dedo con xabón, esta capa rompe e a pementa irase cara aos extremos onde aínda non teñan xabón.


A pementa neste experimento representa os xermes nas superficies do noso ao redor. Cando nos lavamos as mans, logramos que os xermes se afasten como a pementa do xabón.






COMO FACER UNHA ERUPCIÓN VOLCÁNICA?

Cando mesturas o vinagre, un ácido, e o bicarbonato de sodio, unha base, prodúcese dióxido de carbono o gas que provoca as burbullas que saen polo cráter do volcán. Por mor do gas, a mestura queda espumosa e expándese.







COMO SABER SE UN LÍQUIDO É MÁIS DENSO QUE OUTRO?

Un líquido é máis denso que outro cando, dado un volume do primeiro, este pesa máis que ese mesmo volume do segundo. E é máis viscoso cando opón máis resistencia a fluír.

Se algo ten unha densidade alta, é porque ten moita masa nun espazo, mentres que se é baixa, significa que hai menos masa no mesmo espazo.

Por exemplo, se comparas unha pelota de béisbol e unha pelota de pimpón do mesmo tamaño, a de béisbol terá máis masa porque está feita dun material máis denso, como o coiro e a cortiza, mentres que a de pimpón está fabricada de plástico, que é menos denso.

Cando se verten os diferentes obxectos ao vaso, pódese comprobar a flotabilidade de cada un.

